

AVR/rbg

Exp. nº 2021056141
CONCELLO DE AGOLADA (P3602000F)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 10 de decembro de 2021, aprobou, entre outros asuntos, a concesión de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021 (acordo nº 3.31058, CSV: W96PX0504WSFTDNP) con cargo á aplicación 21/332.3322.762.00 do vixente Orzamento provincial, correspondéndolle a ese concello a cantidade de **3.272,69 euros** para **LIÑA B: Sinalización da ponte dos Cabalos**.

Para poder percibir a axuda deberán presentar, ata o **30 de setembro de 2022 (prazo improrrogable)**, a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en: <https://sede.depo.gal>:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen o investimento realizado e os resultados obtidos.
- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, e indicarse en cada factura o número de unidades, o prezo unitario e mais o custo total ou, no seu caso, a factura, acompañada das correspondentes certificacións de obra, aprobadas polo órgano competente.
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallen as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, ata o total do orzamento presentado por importe de **3.272,69 euros**, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial será do 20%.

- Acreditación da debida divulgación mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos do investimento subvencionado pola Deputación.
- Achegar, se é o caso, antes da súa instalación, o deseño dos paneis informativos dos bens inmoables de interese municipal obxecto da subvención para a súa valoración e conformidade polos Servizos Lingüísticos e polo Servizo de Comunicación da Deputación de Pontevedra: gabinete.linguistico@depo.es e comunicacion@depo.es.

O secretario xeral

**Por delegación, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico,
segundo R. p. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016**

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

